

## Reflexións sobre o contorno da Igrexa de Sta. María de Darbo

---

Arsenio Piñeiro Santos

O templo relixioso de Sta. María de Darbo sitúase nun ámbito que se caracteriza morfoloxicamente pola existencia de terreos que descendeen en altitude según o eixo Este-Oeste, con cotas de nivel que varían desde 60 a 80, referencias a puntos relativos á igrexa e á estrada C-550 de Cangas a Aldán, respectivamente, datos que supoñen a existencia dun perfil primitivo do terreo natural con valores próximos a un 15% de pendente. Ademais existen elementos físicos do territorio, formas do solo, construcións, etc. que singularizan e personalizan o lugar. O río Pontillón, discorre discreto pola fronte Leste cara o mar, sempre acompañado de vexetación formada por especies propias de bosques de ribeira ou ripícola.


Na fronte Sur, aparece a implantación do cemiterio da parroquia de Darbo, recentemente ampliado, espazo este, sen relación algunha co antergo, por optarse por solucións de entradas independentes, e non haber comunicación interna entre ámbolos dous recintos. O novo espazo ampliado ten moita maior presenza no recinto do adro, ó ser dominante á vista de paxaro desde cotas altas. Unicamente as árbores que configuran unha silueta en masa e forman un teito vexetal desenrolan un papel integrador e harmonizador. O espazo baixo a vexetación interrelaciona as distintas construcións existentes, funciona como recibidor, ten usos polivalentes, como o cultural, social e relixiosos, ó acolleredor a celebración das festas da parroquia, aparcamento, lugar de xogos de nenos, práctica de deportes, canalización de circulación rodada, etc.

Foi probablemente a pendente a que motivou a alteración do perfil natural dos terreos, no recinto do adro, resolvendo o espazo de aproximación ata a igrexa en varias plataformas relacionadas por escaleiras.

Distínguese unha plataforma superior, na fronte dos denominados alpendres de feira, construcións de pedra que resollen un desnivel aproximado ós 2.50 metros, permiten acollerse da choiva, e ademais a instalación de chiringuitos na romaría, este é un espazo que permite con facilidade a contemplación de actos culturais, sociais, etc. a celebrar na plataforma inmediata inferior, relación visual que se complementa espacialmente con escaleiras en pedra. Contén como elemento diferenciador un muro de contención de pedra de altura pouco superior a un metro, e un plano virtual formado por árbores máis ou menos en fileira. O pavimento é a base de terra natural.

O recinto que define o espazo de maior polivalencia, configura unha plataforma intermedia entre dúas bancadas, con escaleiras como elementos de interrelación. Contén os palcos de música, edificacións a base de novos materiais, de arquitectura pouco harmoniosa co contorno, ocupando uns 30 m<sup>2</sup> cadrados de adro cada un, para seren utilizados só tres días ó ano, un verdadeiro luxo se temos en conta que o espazo público fai falla para uso e disfrute dos cidadáns, basta lembrar que a lexislación do solo vixente establece como estándar de zona verde o equivalente a 5 m<sup>2</sup> por habitante. Cabe aquí a reflexión profunda para determinar se o noso adro perde personalidade ou pola contra, gaña identidade se desaparecen tales construcións.

O pouco tempo que require o uso de tales instalacións, xunto co espazo ocupado de forma permanente, fai pensar en solucións de palcos construídos a base de elementos desmontables de materiais como madeira ou perfís metálicos, máis amoldables ás necesidades dos grupos musicais, e sobre todo que ocupen un espazo de recinto limitado ós días de celebración da romaría.



Por outra parte, pavimentos de tipo ríxido como o existente a base de capa de asfalto, superficies nada porosas que facilitan a escorrentía das augas, de tal xeito que se non se canalizan ben, dan lugar a encharcamentos e alteracións doutros pavimentos de tipo flexible como os formados a base de terra. Decisións tomadas con falta de criterios de contorno ou facilitadas pola actuacións de determinados colectivos, que se ben a intención e boa os resultados non acompañan, son espello dabondo a ter en conta para evitar malas actuacións no medio rural, que non debe ser confundido co urbano, basta con mirar no contorno, de todos coñecido e decatarse que na identidade dos espazos e lugares de carácter rural están sobre todo, os pavimentos de terra fronte as grandes superficies de formigón, asfalto e pedra máis propios dos asentamentos urbanos.

Un dos problemas derivados do cambio do perfil natural dun terreo por organizacións en terrazas e/ou plataformas, é sen dúbida aparición de barreiras urbanísticas, que impiden a falta de accesibilidade a persoas con algún grao de minusvalía, a poboación da terceira idade, mulleres embarazadas, os carros da compra, os coches dos nenos pequenos, etc. teñen dificultades para subir escaleiras, por tanto espazos e zonas de uso público débese estudar a situación de ramplas como alternativas a elementos de comunicación rápida como as escaleiras. Neste sentido apórtase no plano adxunto, unha posible solución para facilitar o acceso a igrexa a todas as persoas colocando unha rampla dun 8% de pendente, alternativa que habería de consensuar mediante convenio cos propietarios da finca do "Campo da Virxe". O percorrido sen cambios bruscos, complétase cunha segunda rampla paralela o actual palco Norte.

Os devotos á Virxe Sta. María de Darbo son cada día maiores, e a popularidade da romaría por conseguinte vai tamén en aumento, feitos que demandan cada vez, máis espazos para acoller ós romeiros, superficies que se traducen en novas áreas de esparcemento para os habitantes da

parroquia e sobre todo para aqueles achegados que habitan nos núcleos de poboación próximos á igrexa, que utilizan os servizos relixiosos e demais por haber como poden ser os de tipo social dos que carece: centro social e recreativo, outros como os aparcamentos ben se poderían estudar de xeito que non se invadisen espazos destinados ós peóns, nin aqueles adicados a xogos de nenos, nos que o acceso rodado debería ser restrinxido.

A finca coñecida como "Campo da Virxe" situada ó Norte da igrexa, actualmente en estado de inculto, cunha superficie próxima ós 7000 m<sup>2</sup>, podería mellorar a súa imaxe e converterse na solución para incrementar as áreas de esparcemento no contorno do adro, ademais do marco para dotación doutros servizos complementarios ós existentes. Está a unha cota de uns dous metros superior ó nivel da igrexa, ben comunicada coas plataformas do adro e asimesmo en relación directa co templo relixioso e social de Darbo. As características da finca, rodeada de camiños facilitarían a situación dunha área de aparcamentos en batería na fronte Norte, con capacidade para ó menos 50 coches equivalente a 200 persoas, sendo o 2% das prazas para minusválidos esta actuación leva consigo a mellora da sección e urbanización do camiño colindante norte para facilitar a circulación.

Obtense deste xeito áreas para estacionamento de coches, nun ámbito con predominio de usos relixiosos, sendo a capacidade prevista suficiente para atender demandas de usuarios que solicitan os servizos relixiosos durante o ano.

O recinto da finca é ideal para o desenvolvemento de programas moi diversos (culturais, xogos de nenos, deportes, etc.) actividades que deben encamiñarse a potenciar e complementar ás que se realizan con normalidade no adro. O espazo admite plantación de árbores con especies predominantes da zona, de crecemento fácil. A presenza de masas arbóreas na fronte Norte corrixe a silueta da paisaxe, desequilibrada pola edificación de recentes construcións.

As actuacións necesitan a elaboración de convenios de colaboración entre propietarios da finca, promotores e aqueles organismos con competencias para resolver sobre a idoneidade da ampliación destes conxuntos relixiosos. Por outra parte son perceptivos ós informes do Patronato Municipal do Patrimonio Histórico-Artístico e Documental, e Delegación Provincial de Cultura e Patrimonio da Xunta de Galicia.

**(Publicado en "Tradicional Romaría de Darbo". Setembro, 1997)**